



**Concello de Betanzos**  
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net  
<https://sede.betanzos.es>  
correo@betanzos.net

## ANUNCIO

APROBACIÓN DAS BASES REGULADORA DA XVIII BIENAL DE PINTURA BALCONADAS

EXPEDIENTE : 2026/A002/000007

**Mediante o decreto número 969/2026 en data 9 de xuño de 2026 , aprobose a memoria na que se recollen as bases, da “XVIII BIENAL DE PINTURA BALCONADAS” e a folia de inscrición.**

MEMORIA DA XVIII BIENAL DE PINTURA BALCONADAS

## FEITOS

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a competencia municipal na materia atribuída polo artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), e as atribucións que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1 da LBRL.

## DESCRINCIÓN

O Concello de Betanzos vén organizando desde o ano 1986 o certame de Pintura ao Aire Libre “Balconadas”. No exercicio 2026 levarase a cabo en colaboración coa Fundación Manuel Villuendas Pena.

Obras pictóricas de artistas de diferentes latitudes contribuirán a engalantar o casco histórico, nun fortísimo contraste plástico entre obras de vangarda, as súas igrexas góticas, a austeridade románica, a arquitectura barroca e as súas brancas galerías.

Cómpre sinalar que esta singular actividade conta cunha importante estima popular e representa unha non menos importante actividade de proxección cultural deste Concello, ao ser internacional.

Así, o Concello de Betanzos e a Fundación Manuel Villuendas Pena veñen de coorganizar e programar os actos da XVIII edición da Bienal de Pintura Balconadas, durante os meses de xullo e agosto do 2026.

## **Bases XVIII Bienal de Pintura Balconadas 2026:**

O Concello de Betanzos e a Fundación Manuel Villuendas Pena convocan a XVIII Bienal de Pintura Balconadas de acordo coas seguintes bases:

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



**Concello de Betanzos**

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net

<https://sede.betanzos.es>

correo@betanzos.net

**Primeira.** Poderán participar todos e todas as artistas maiores de idade de calquera nacionalidade que non obtivesen ningún premio nas dúas edicións anteriores e con obras que non fosen presentadas anteriormente a ningún outro concurso ou certame.

**Segunda.** Cada artista poderá presentar unha soa obra para a súa selección con técnica e temática libre. As obras presentaranse sen enmarcar, sen bastidores, barras, etc, e levarán ao dorso o nome e apelidos do/a autor/a, o enderezo, o título da obra e o ano de realización.

A realización pode ser vertical ou horizontal, cunhas medidas mínimas de 120x160 cm e máximas de 150x200 cm. Terán un soporte flexible (lenzo, tea de saco, lona, plástico, etc) sen partes ríxidas que poidan cuartearse ou desprenderse coa acción do vento e con produtos inalterables á acción da auga.

O/a artista deberá indicar cunha frecha cal é a parte superior da obra para facilitarlle á organización o seu colgado.

A obra presentada achegarase coa seguinte documentación, e poderá non admitirse a obra que non se acompañe desta:

Folla de inscrición cuberta, fotocopia do DNI (ou documento que o substitúa para artistas estranxeiros/as) e nunha folla, a ficha técnica da obra e currículo que non exceda dunha folla tamaño DIN A-4 por unha cara.

**Terceira.** O prazo de admisión de orixinais será do 29 de xuño ao 20 de xullo do 2026, en horario de 10:00 h a 14:00 h e de 18:00 h a 22:00 h de martes a venres, os sábados de 18:00 h a 22:00 h.

O envío realizarase cos portes pagados ao seguinte enderezo:

XVIII Bienal Balconadas.  
Edificio Arquivo, Praza de Galicia s/n  
15300 Betanzos, A Coruña, España.

**Cuarta.** Establécense os seguintes premios que serán aboados pola Fundación Manuel Villuendas Pena:

Primeiro premio indivisible, dotado con 5000 euros. Esta cantidade está suxeita ás retencións legais que lle sexan aplicables.

Dous accésits dotados cada un deles con 1500 euros. Esta cantidade está suxeita ás retencións legais que lle sexan aplicables.

Os premios adxudícanse ás obras de maneira que se estas se realizan en grupo, o premio aboarase a unha persoa representante designada polos demais membros, ou ao colectivo sempre que este teña entidade xurídica, e o pagamento dos premios realizarase na conta a nome dunha única persoa beneficiaria.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



**Concello de Betanzos**  
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net  
<https://sede.betanzos.es>  
correo@betanzos.net

O Concello de Betanzos poderá publicar ou expor estes traballos premiados, que quedarán na súa propiedade.

O xurado terá o poder de outorgar ata tres Mencións de Honra, se o estimar oportuno, que non levarán asociado ningún premio económico mais si un diploma acreditativo.

O xurado seleccionará as obras de acordo coas bases e resérvase o dereito de exclusión da exposición das devanditas obras.

O xurado valorará as obras segundo os seguintes criterios:

- a. Calidade artística do traballo.
- b. Técnica utilizada adecuada á contorna expositiva.
- c. Orixinalidade da obra.
- d. Innovación.
- e. Forza expresiva da obra.
- f. Creatividade do/a autor/a.

O xurado chegará a un acordo por maioría de votos e o seu fallo será inapelable.

**Quinta.** O xurado, designado pola alcaldesa de Betanzos, estará composto por distintas personalidades do mundo da arte que non formasen parte do xurado na edición anterior; así como por un membro do persoal do Concello, designado para ese fin, que actuará como secretario/a con voz pero sen voto. A composición do xurado farase pública con anterioridade á súa reunión no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello ([www.betanzos.gal](http://www.betanzos.gal)).

O xurado fallará o premio e os correspondentes accésits, que non poderán declararse desertos, actuando en pleno e en sesión única (de ser posible), para a cal será necesaria a asistencia de dous terzos dos seus membros.

As deliberacións serán secretas e delas estenderase a acta correspondente. A decisión do xurado, que será inapelable, darase a coñecer no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web deste.

Coas obras premiadas e seleccionadas realizarase un catálogo. Os/as autores/as das obras participantes neste certame autorizan a cesión dos dereitos correspondentes ao Concello de Betanzos para poder dispor da reprodución fotográfica das súas creacións, a fin de poder incorporalas ao citado catálogo e difundilas a través da páxina web municipal ou de calquera outro tipo de soporte. O Concello de Betanzos comprométese a incluír, xunto coa reprodución da obra, o nome e os apelidos do seu autor/a.

**Sexta.** As obras estarán expostas do 27 de xullo ao 27 de agosto nos balcóns das rúas de Betanzos, reservándose á Dirección da Bienal a decisión de aumentar o tempo de exposición.

A entrega de premios será o 13 de agosto.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)).

de  
1 de



**Concello de Betanzos**

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net

<https://sede.betanzos.es>

correo@betanzos.net

**Sétima.** A retirada de obras, por parte do seu autor ou autora, será do 4 ao 18 de setembro, no seguinte enderezo:

Edificio Arquivo, Praza de Galicia s/n,  
15300 Betanzos, A Coruña, España.

En horario de 10:00 h a 14:00 h e de 18:00 h a 22:00 h de martes a venres, os sábados de 18:00 h a 22:00 h.

A partir desta data devolveranse a portes debidos pola empresa de mensaxería ou transporte que a persoa participante manifeste e, de non ser indicada ningunha preferencia, o Concello realizará a devolución por medio da empresa que estime oportuno, sempre a portes debidos.

Os envíos procedentes do estranxeiro deberán vir acompañados de cupóns de resposta internacional de correos, que cubran a totalidade de gastos de envío. No caso de que as obras non estean acompañadas destes cupóns, entenderase que os autores renuncian á propiedade destas.

**Oitava.** O Concello de Betanzos non se fai responsable da deterioración, extravío, roubo, etc. das obras debido á súa exposición á intemperie.

**Novena.** A participación nesta convocatoria supón a total aceptación das presentes bases, que se publicarán na páxina web do Concello ([www.betanzos.gal](http://www.betanzos.gal)) e no taboleiro de anuncios do Concello.



**Concello de Betanzos**  
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net  
<https://sede.betanzos.es>  
correo@betanzos.net

## ANEXO I

FOLLA DE INSCRIPCIÓN NA XVIII BIENAL DE PINTURA DE BALCONADAS					
NOME:		APELIDOS:			
NIF/NIE:		TELÉFONO:			
ENDEREZO:				C.P.:	
CIDADE:		PROVINCIA:		PAÍS:	
ENDEREZO ELECTRÓNICO:					
TÍTULO DA OBRA:					

EXPOÑO
Que cumpro os requisitos e quero participar na XVIII Bienal de Pintura de Balconadas que organizan o Concello de Betanzos e a Fundación Manuel Villuendas Pena.
Que entrego os datos solicitados e unha copia do DNI ou documento substitutivo.
Que coñezo e acepto as bases destes premios.

POR ISO, SOLICITO
Participar na XVIII Bienal de Pintura de Balconadas.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ENTREGA
<input type="radio"/> Fotocopia do DNI ou documento substitutivo.

LUGAR:	DATA:	SINATURA:
--------	-------	-----------

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámolo/a de que o responsable de tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Betanzos, con enderezo en Edificio Liceo, praza de Galicia n.º 1, 15300, Betanzos (A Coruña); [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net). Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiras persoas, agás por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade destes en calquera momento. Para isto, o Concello de Betanzos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico a [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net).



**Concello de Betanzos**

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net

<https://sede.betanzos.es>

correo@betanzos.net

En Betanzos a data de sinatura electrónica.

A alcaldesa

María Barral Varela